



PLAN DE CONVIVENCIA20/21
“CPR.PLURILINGÜE ANGEL DE LA GUARDA”



INDICE

1. O CENTRO DOCENTE; CARACTERÍSTICAS E ENTORNO	3
1.1. Características do centro.	
1.2. Situación actual da convivencia.	
1.3. Respostas do centro a estas situacións.	
1.4. Relación coas familias e a comunidade.	
1.5. Experiencias de convivencia que se realizarán no centro.	
2. OBXECTIVOS E ACTITUDES A CONSEGUIR CO PLAN	5
Obxectivos xerais	
Obxectivos específicos	
Normas de convivencia	
3.ACTIVIDADES PREVISTAS	8
Actividades preventivas en funcionamento	
Actividades preventivas de nova creación	
4.PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN	15
A-vía normativa	
Normas de conduta	
Protocolo acoso	
Protocolo absentismo	
B- vía conciliadora	
Convivencia	
Mediación	
5.AUSENCIAS	18
6.COMISIÓN DE CONVIVENCIA	18
7.COMPETENCIAS DA COMISÓN DE CONVIVENCIA.....	19
8.INFRAESTRUTURA E RECURSOS	19
9.PERIODICIDADE DAS XUNTANZAS	19
10.COHERENCIA NA APLICACIÓN DAS NORMAS	19
11. DIFUSIÓN.....	19
12. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.....	19



COLEXIO ANGEL DE LA GUARDA

1- O CENTRO DOCENTE; CARACTERÍSTICAS E ENTORNO

1.1. Características do centro.

A descrición e as características do “Ángel de la Guarda” están escritas no apartado do Proxecto Educativo de Centro.

1.2. Situación actual da convivencia.

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, boas canles de comunicación e a prevención de problemas de conduta. Para iso elabóranse normas de convivencia, que deben regular o funcionamento do centro.

Tívoise en conta un diagnóstico previo da situación de convivencia no centro e, partindo deste, fóronse tratando de atallar aqueles problemas ou carencias que se detectaron desde o comezo.

Para ter unha idea o máis precisa posible, fixéronse desde un primeiro momento e desde entón, reunións co claustro e co alumnado tratando de tocar tódolos apartados relacionados coa convivencia no centro: as relacións entre alumnos-as, entre alumnos-as e os profesores-as, entre pais-nais e profesores-as, queixas de diversa índole e calquera outra cuestión ó respecto.

Curiosamente, chegouse á conclusión de que o propio alumnado demandaba máis normas das que xa existían no centro e máis especificidade nas xa existentes.

Destacou especialmente o caso das normas relacionadas co comedor, solicitando mesmo que se establecesen as cantidades de cada alimento que han de ser obrigatorias á hora de comer, termo que se acordou entre unha representación do alumnado e o equipo directivo.

Para manter unha idea o máis precisa posible, o profesorado réunese, como mínimo dúas veces por curso e, excepcionalmente en calquera momento se a ocasión o require, fixando a atención nos cursos da última etapa de Primaria e os da ESO especialmente.

Neste momento e desde hai xa varios anos, contamos cunha situación tranquila no noso centro na que se convive sen maiores complicacións. Non obstante, cando se detecta algún problema tratamos de o atallar o antes posible coas medidas establecidas para cada caso.

1.3. Respostas do centro a estas situacións.

A resposta educativa do equipo directivo e o profesorado no centro é a de promover a actitude de participación do alumnado a través do diálogo, respecto e



comunicación para solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de xeitos de enfrontamento aos conflitos.

.1.4. Relación coas familias e a comunidade.

As relacións coas familias e coa contorna, constitúen un dos principais intereses do noso centro.

Tódalas actividades que se nomean e están previstas para este curso no Plan de Centro inclúen aquelas que son específicas para este apartado:

-Procuramos concienciar ó alumnado da necesidade de colaborar cos máis desfavorecidos polo que, entre outras cousas, coincidindo co Día da Paz, tódolos anos celebramos a carreira Solidaria para recadar fondos para SAVE THE CHILDREN, institución da que o noso centro foi nomeado Embaixador hai xa varios anos.

-Os cursos de 2º e 3º de ESO acompañados polo profesor de música e as titoras visitan polo Nadal o centro de maiores de Bellavista onde interpretan panxoliñas e conversan cos maiores que viven alí.

-Nalgúns cursos, recibíuse a persoas da Asociación de xordos de Vigo. En Infantil, signáronlles un conto e nos cursos de toda Primaria realizaron actividades encamiñadas a achegar o alumnado ó mundo dos xordos.

- Existe unha estreita colaboración co centro de discapacitados Juan María ós que un grupo de Primaria visita tódolos cursos, entre outras cousas porque está alí un antigo compañeiro. Por súa vez, unha representación deste centro tamén nos fai unha visita a nós. Tamén se reproducen en todo o centro, vídeos de sensibilización.

-Tamén fixeron demostracións de Slalom en cadeira de rodas, unha representación de varios membros de APAMP (Asociación de familias de persoas con parálise cerebral).

-En xeral en tódolos anos fanse campañas de sensibilización para que a xente se poña no lugar das persoas con discapacidade, valorando a vida cotiá de cada un deles.

-Estamos en contacto tamén co Concello de Nigrán que colabora connosco cando se lle fai algunha demanda, así como nós con esta institución cando nolo require (por exemplo, con motivo dunhas obras no seu pavillón, usaron as nosas instalacións deportivas en calidade de préstamo). Tamén se colabora coa campaña de recollida de xoguetes do Concello no Nadal.

Do mesmo xeito, cando foi necesario -só nunha ocasión e hai varios anos- recorreuse á asistente social para que se supervisase a situación familiar de dous irmáns que acudían ó Ángel de la Guarda).

-Todo o alumnado do centro colabora aportando tapóns que acumulamos nun colector de plástico dentro do recinto para o Banco de Tapóns do Centro Juan María.

-Tódolos anos se colabora coa campaña de Nadal Operación Quilo así como coa campaña de recollida de roupa para África.

- Colabórase na campaña de recollida de leite (AYUVI) promovida aquí no centro a instancias da nai dunha alumna.



Todas estas actividades están encamiñadas a favorecer a comprensión e o achegamento do noso alumnado ó mundo e á vida e problemática doutras persoas así como a fomentar a solidariedade e a poñerse no lugar do outro.

Tamén se fan reunións informativas ao comezar o curso para pais co fin de dar pautas que melloren a educación dos seus fillos e a convivencia no centro.

1.5. Experiencias de convivencia que se realizan no centro.

As experiencias que se desenvolven no centro para favorecer a convivencia podémolas resumir no seguinte:

- Debate e discusión sobre a Normativa do centro sobre convivencia nas aulas.

- Elaboración de normas do centro (unificando as dos alumnos as dos profesores...)

- Reunións cos delegados.

- Reunións da comisión de convivencia.

- Potenciar xeitos de comunicación no alumnado para a mellora da convivencia do centro na hora de tutoría.

- Fomentar a tolerancia, a aceptación da diversidade e a resolución de conflitos de forma pacífica.

- Sensibilización contra o maltrato entre iguais (bullying). Para iso explícanse os conceptos principais e a forma de proceder para evitar que estas situacións se dean no centro, na hora de tutoría.

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos pensamos que é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflictividade.

2- OBXECTIVOS E ACTITUDES A CONSEGUIR CO PLAN

✓ OBXECTIVOS XERAIS

Para desenvolver este plan de convivencia no Ángel de la Guarda baseámonos nos seguintes principios ou obxectivos xerais:

1- A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, familias e alumnado) para o fomento dunha boa convivencia no centro.

2- En materia de convivencia e disciplina, o profesorado e o persoal non docente guíanse polas disposicións da CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN (decreto 85/2007, do 12 de abril) e normativas posteriores.



3- Considerar os xeitos de convivencia non só como xeitos organizativos senón ademais como contidos a desenvolver e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.

4- Considerar a convivencia non como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un fin educativo a traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental de todo proceso educativo. Para conseguir unha boa convivencia no centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar estas condutas. Para iso foméntase a participación a través da asemblea de clase, da elección de delegado ou subdelegado en representación da clase, de estar representados na Xunta de Delegados, de participar no Consello Escolar etc. Ademais, debe desenvolverse nos alumnos unha serie de valores cívicos e democráticos, e xeitos de comunicación e de relación social.

5- O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade Libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo. Temos que fomentar o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución de conflitos en tódalas actuacións educativas

✓ OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

● Para o centro:

- 1.- Implicar a toda a comunidade educativa no coidado do entorno escolar.
- 2.- Consensuar e asimilar as normas reforzando o seu cumprimento.
- 3.- Respetar as diferenzas (raza, sexo, sociais, relixiosas,...) e fomentar o diálogo e o acordo na resolución construtiva de conflitos, e a igualdade entre sexos.
- 4.- Potenciar, dende a acción titorial, todas aquelas actividades que favorezan a sensibilización da comunidade educativa en valores como respecto mutuo, orde e solidariedade.

● Para o alumnado:

- 1.- Promover a implicación do alumnado na definición dun Protocolo de Convivencia no centro, consensuando e asimilando as normas.
- 2.- Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo e implicación no recoñecemento, prevención e control dos conflitos de convivencia no centro.
- 3.- Dotar ao alumnado de competencias que lle axuden ao seu desenvolvemento persoal e social.
- 4.- Integrar ao alumnado no seu grupo e na comunidade educativa.



- Para as familias:
 - 1.- Apoiar na difusión dos valores educativos fomentados dende o centro.
 - 2.- Dotar ás familias de recursos para detectar a implicación dos seus fillos/as en conflitos no centro escolar e dar pautas de actuación, sensibilizándose ao mesmo tempo sobre a importancia da prevención de condutas violentas.
 - 3.- Manter relacións de colaboración coas familias e con entidades do entorno para potenciar o desenvolvemento cultural/educativo da comunidade.
 - 4.- Promover unhas relacións fluídas de diálogo e entendemento mutuo entre as familias e o centro
 - 5.- Promover no centro charlas de especialista para pais/nais, coa finalidade de formar a estes nas distintas problemáticas que deben de ser resoltos no ámbito familiar.

3- As actitudes a desenvolver e a organización do centro en materia de convivencia deberán basearse nas seguintes medidas preventivas:

- a) Asistir a clase. (Chegar con puntualidade)
- b) Seguir as orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- c) Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa
- d) Estudar con aproveitamento, así Como respectar o dereito ao estudo dos compañeiros.
- e) Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do Centro.
- f) Respectar as pertenzas dos demais..
- g) Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.

NORMAS DE CONVIVENCIA DO ÁNGEL DE LA GUARDA

- Asistir a clase, puntualidade e xustificación das faltas.
- Coidado do material, mobiliario e instalacións e manter limpas as aulas, baños, etc. usando as papeleiras.
- Non usar os móbiles no centro e non comer nin beber nas aulas.



- Tratar con corrección a todo o persoal que traballa no centro e seguir as súas indicacións. Respetar a tódolos membros da comunidade educativa (non alcumes, non insultos, non violencia).

- Respetar as pertenzas de toda a comunidade educativa.

- Non realizar actividades prexudiciais para a saúde (fumar...) e coidar o aseo diario e vestir axeitadamente.

No que concirne ó uso do uniforme escolar (no noso centro só en Educación Infantil e Primaria) o alumnado ten o dereito de vestir indistintamente as prendas que o conforman (saia/pantalón) sen prexuízo do seu sexo nin facendo diferenzas de xénero.

- Estudiar con aproveitamento e respectar o dereito ao estudo dos compañeiros (non interromper...)

- Non saír entre clase e clase, nin despois dun control mentres non finalice esta.

- Non correr nin gritar nas dependencias (corredores, clases, comedor...) e respectar os espazos nos recreos.

- Os alumnos que participan no programa de gratuidade, están obrigados a coidar os libros e entregalos en bo estado ao final do curso.

3. ACTIVIDADES PREVISTAS

3.1. ACTIVIDADES PREVENTIVAS EN FUNCIONAMENTO

1.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS RECREOS

Desde hai xa algúns anos, nos recreos, no pavillón, os venres, véñense desenvolvendo diferentes actividades deportivas con grande aceptación por parte do alumnado, o profesor de Educación Física é o encargado destas actividades.

OBXECTIVOS:

- 1.- Previr conflitos entre o alumnado
- 2.- Promover a actividade física como hábito saudable na vida das persoas.
- 3.- Potenciar as comunicacións interpersoais e grupais promovendo o encontro e con isto: sociabilidade, solidariedade, responsabilidade e respecto.

Organización de xornadas de xogos populares nas que -baixo a coordinación dos profesores de Educación Física- os alumnos da ESO actúan como monitores dos máis pequenos ensinándolles as regras e o funcionamento dos xogos.

Os deportes que se practican son fundamentalmente:

Bádminton, Tenis de mesa, Fútbol, e Baloncesto.

2.- A SALA DE XOGOS COMO ESPAZO DE CONVIVENCIA (ESO)

OBXECTIVOS



- 1.- Facer da sala de xogos da ESO un espazo habitable durante os recreos.
- 2.- Reducir os conflitos que se poidan producir durante ese período.
- 3.- Inculcar no alumnado valores como a orde e o respecto mutuo, para o bo funcionamento dos espazos públicos. Das quendas para usar o fútbolín, o pingpong.
- 4.- Conseguir que a sala de xogos manteña esta orde sen a presenza de profesorado de forma permanente.

NORMAS DE UTILIZACIÓN NA SALA DE XOGOS

Dende a dinamización de convivencia decidimos arbitrar unhas normas de utilización, que rexen na actualidade, e son as seguintes:

- 1.- Respecta a cola para as quendas no fútbol.
- 2.- Respecta a cola para colle-lo pan, pensa nos demais.
- 3.- Procura falar cun ton moderado.
- 4.- Respecta as indicacións do profesorado encargado .
- 5.- Utilízase exclusivamente nos recreos. Nunca nos intercambios de clase.

3.- O CENTRO COMO UN LUGAR DE ENTENDEMENTO

OBXECTIVOS:

- 1.- Inculcar no alumnado valores como o respecto mutuo, para conseguir unha mellora nas relacións interpersoais.
- 2.- Aprender a respectar o traballo dos demais cando unha persoa chega tarde.
- 3.- Facer do bo trato un valor imprescindible para mellorar a convivencia.
- 4.- Colaborar no centro cos profesores e compañeiros nas actividades que se realizan, axudando nelas aqueles que o necesitan.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

O alumnado realizará tarefas encamiñadas ao uso de condutas de cortesía, durante as sesións de titoría.

-Axuda entre alumnos no Día das Letras Galegas, celébrase como se se tratase dunha romaría, no merendeiro de Saiáns. Alí lévanse a cabo as diversas actividades propias de tal data. Para realizar a subida a pé ata o merendeiro, os alumnos-as da ESO e de 5º e 6º de Primaria ocúpense cada un de cadanseu neno-a dos cursos de Educación Infantil e de todos aqueles que, sendo de cursos máis baixos, teñan algunha dificultade para realiza-lo camiño.

-Cando se celebra a Festa do Nadal e a de Fin de curso, o alumnado de 4º de ESO colabora cos profesores na organización e na montaxe do escenario; e as cadeiras que se dispoñen no patio



-Cando se celebra a Semana da Ciencia, en grupos prepáranse unha serie de experimentos dos que despois fai unha demostración ó grupo inmediatamente anterior.

4.- O CENTRO SOMOS TODOS, COIDÉMOLO

OBXECTIVOS:

- 1.- Implicar a toda a comunidade educativa na limpeza, orde e mantemento das instalacións do centro.
- 2.- Concienciar ao alumnado e profesorado da importancia do coidado dos lugares públicos, en particular o noso Centro.
- 3.- Respetar o mobiliario e o edificio como se fose algo propio.
- 4.- Fomentar o traballo en equipo, obtendo así un maior rendemento cun menor esforzo.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

Esta campaña consiste, en xeral, na orde e limpeza do Centro, tanto nas instalacións exteriores como nas interiores. Algúns dos traballos que se realizan son os seguintes:

- Recoller os papeis dos corredores.
- Ordenar a sala de xogos (papeis, cadeiras, mesas)
- Recoller papeis nos soportais do exterior que se tiran durante o recreo.
- Limpar as mesas da aula.
- Ordenar as cadeiras da biblioteca-informática
- Ordenar as mesas e cadeiras da súa aula.
- Recoller os papeis da aula e os que están tralos radiadores.
- Ordenar as estanterías das aulas.
- Actualizar o taboleiro da súa clase e colocar ben os papeis.
- Ordenar e actualizar os taboleiros de cortizo dos corredores.
- Ter e usar unha caixa de reciclaxe de papel.
- Axudar na realización do compost para a horta do centro.

Na época de realización do compost para a horta ecolóxica que temos no centro, fanse grupos de alumnado da ESO que, por quendas, axudan ós máis pequenos a transportar os refugallos no carro que temos para ese fin, desde a cociña do centro ata o recinto da horta e, unha vez alí, axúdanlles a baleirar os



restos nos recipientes que hai para tal fin. De tal maneira que toda Primaria e toda Secundaria en colaboración, realiza e coñece o proceso.

Os primeiros días de curso, cando os alumnos-as de 1º de Primaria comezan a usa-lo autoservizo no comedor, os alumnos-as de 6º axúdanlles a familiarizarse coa bandexa e co novo proceso.

Alguns dos traballos desenvólvense nas horas de titoría nos cursos de ESO, despois de que a coordinación de convivencia elabore e faga chegar o horario ao profesorado titor de xeito que teñan establecido o día e a hora.

5.- “PARTICIPACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR”

OBXECTIVOS.

- 1.- Implicar ao alumnado nos órganos de goberno do centro.
- 2.- Mostrar como é o organigrama de funcionamento dun centro de ensino.
- 3.- Facer reflexionar sobre a importancia da representación de tódolos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Esta campaña desenvolverase nas horas de titoría, no primeiro trimestre. Nestas sesións informaráselles do que é, quen o forma, como, cando ...

6.- ACTIVIDADES PARA O ALUMNO QUE SE INCORPORA Ó CENTRO, ACOLLIDA AO ALUMNADO NOVO UNHA VEZ COMEZADO O CURSO:

OBXECTIVOS:

- 1.- Favorecer a rápida integración do alumnado novo no centro.
- 2.- Fomentar a interacción persoal entre o alumnado evitando que se sintan illados.
- 3.- Favorecer un bo ambiente escolar para que os novos alumnos e alumnas se sintan ben recibidos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- 1.-Entrevista do alumno/a e a familia co Director/a ou Xefe/a de estudos. Nesta entrevista, ademais de valorar a posibilidade ou non da matrícula do alumno/a, informarase sobre as normas do centro, material escolar necesario e transporte escolar.



2.-Derivación ao Departamento de Orientación: Levarase a cabo unha avaliación psicopedagóxica, previa autorización da familia ou titoría legal para a adscrición a un nivel educativo e/ou aplicación das medidas máis axeitadas en cada caso. Ademais, entregaralle unha carpeta onde se incluírá o horario do seu grupo, o material escolar que o alumno/a necesitará traer para cada materia, horario de atención a familias por parte do seu titor/a, resto do profesorado, así como o horario de atención do Departamento de Orientación, normas do centro e un esquema sobre o sistema educativo español e as posibilidades académicas profesionais ao rematar o ensino. Finalmente, realizarase unha visita ás instalacións do centro.

3.-Matrícula nas oficinas do centro.

4.-Adscrición do alumno/a a un nivel educativo. Preferiblemente a introdución do alumno/a farase nunha hora de titoría ou materia impartida polo profesorado titor/a

7.- BENVIDA AO PROFESORADO NOVO

OBXECTIVOS:

1.- Favorecer a rápida integración do profesorado novo na dinámica do centro.

2.- Fomentar un ambiente agradable entre os compañeiros/as, e tratar que os novos se sintan ben recibidos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

1.- Toma de posesión en Secretaría.

2.- Entrega en Xefatura de Estudos (ou polo cargo directivo de garda) da chave das aulas e dunha carpeta que incluírá: horario, listas do alumnado por grupos, normas do centro, folletos da nosa oferta educativa. Tamén se lle informará sobre as datas de inicio das actividades lectivas e as reunións previstas.

3- Presentación do xefe/a do departamento didáctico ao que pertence e os/as integrantes do mesmo. Estes serán os encargados de amosarlle as instalacións, e presentarlle ao profesorado docente, administrativos, así como axudalo naquelas dúbidas que lle vaian xurdindo.

4.-A maiores, no caso do profesorado substituto, este poderá incorporarse ás clases no día da toma de posesión ou no seguinte. Unha vez feito este requisito, facilitaráselle o número de teléfono do profesor/a a substituír.

8.- P.A.T*



O Plan de AcciónTitorial en materia de convivencia, pretende formar ao alumnado en valores, e na adquisición de habilidades sociais, que lle sirvan para a vida., e dicir:

-ENSINAR A CONVIVIR

-Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e na vida do centro fomentando actitudes participativas. -Respectar as normas de convivencia, compañeiros e compañeiras, profesorado, etc. -Fomentar a cooperación, a solidariedade e o traballo en grupo, respectando as regras.

-ENSINAR A SER PERSOA

- Educar ao alumnado na convivencia democrática e participativa.
- Favorecer o seu desenvolvemento moral e a adquisición de valores.
- Desenvolver no alumnado un xuízo crítico e razoado.
- Ensinarlles a aceptar a súa propia identidade e favorecer a súa autoestima.
- Tolerar, valorar e respectar as diferenzas individuais.
- Aprender a desterrar actitudes e comportamentos de intolerancia.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.

Para iso, nas sesións semanais de titoría que ten cada curso da E.S.O, os titores poden realizar actividades relacionadas coa convivencia plasmadas na documentación que se lles entrega cada trimestre, e solicitar ao Departamento de Orientación o tratamento dun tema en particular.

Tamén se levan a cabo actividades solicitadas polo profesorado.

-Algunhas destas son:

- Charlas sobre dignidadee respecto.
- Charla sobre resolución de conflitos.
- Charla sobre o maltrato entre iguais. -Etc

*Para saber mais ver P.A.T



3.2 ACTIVIDADES PREVENTIVAS DE NOVA CREAÇÃO

1.- REVISTA

No centro dispónse do material e lugares axeitados para pola en marcha.

OBXECTIVOS:

- Mellorar a convivencia no centro. - Fomentar a colaboración e o coñecemento entre o alumnado. - Dar a coñecer ao conxunto do alumnado das diversas actividades que levan a cabo no centro, e fomentar a participación nelas. - Incrementar os valores de cidadanía para fomentar a mellora do clima na comunidade educativa. - Ampliar as competencias e coñecementos do alumnado.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

1.- Faise unha sondaxe para coñecer o interese por esta actividade.
Se é o caso:

2.- Dende o equipo directivo, búscase a un profesor/a voluntario, con coñecementos sobre a materia que se faga cargo e orientar ao alumnado responsable..

3.- A través das titorías, o alumnado escolle o nome da revista escolar do centro..

4.- Escóllese ao alumnado para formar o grupo de: Redactores, entrevistadores. Tense en conta o nivel de responsabilidade do alumnado.

5.- O grupo de alumnos/as, profesor/a encargado e algún membro do equipo directivo, e dinamización de convivencia, establecerán o contido da revista escolar durante o curso.

6.- Os diferentes departamentos colaboran, difundindo a través da revista actividades, traballos e experiencias realizadas...



4.PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:

A.- Vía normativa: Normas de organización e funcionamento (NOF):

- 1.-Normas de conduta.
- 2..-Protocolo ante acoso escolar.
- 3..-Protocolo de absentismo escolar. Ver punto 5.

B.- Vía conciliadora: .

-Aula de Convivencia e mediación.

- 1.-Convivencia: Protocolo de derivación a Aula de Convivencia.
- 2-Mediación: Protocolo de derivación a mediación.

A.- VÍA NORMATIVA

1.-Normas de conduta.

a).-Procedementos xerais.

Os procedementos xerais de actuación no Colexio Ángel de la Guarda, guíanse fundamentalmente pola normativa disposta pola Consellería de Educación.

b).-Procedementos específicos

Os procedementos específicos de actuación no Ángel de la Guarda para manter unha boa convivencia e un clima positivo, derivanse das Normas de Convivencia do centro (NOF).

En concreto, referímonos ós apartados que serán consensuados por tódolos sectores da Comunidade Educativa:

As medidas correctoras das condutas contrarias ás Normas de Convivencia poderán ser:

- 1)A amoestación privada e verbal do profesor, do titor, do Xefe de Estudos ou do Director.
- 2)Quedar sen recreo.
- 3)Quedar a realizar tarefas cando rematou a xornada lectiva habitual.
- 4)A amoestación por escrito do profesor-a, do titor, do Xefe de Estudos ou do Director e comunicación ós pais ou titores.
- 5)Realización de tarefas , de adecentamento ou que contribúan a reparar o dano causado, ou a repór o material do centro.
- 6)Rectificación pública cando proceda.
- 7)Restitución ou reparación das pertenzas subtraídas ou danadas.
- 8)Suspensión polo Xefe de Estudos ou o Director do dereito a participar en actividades complementarias ou extraescolares .



9) Suspensión polo Director do dereito de asistencia a determinadas clases ou ó centro de un a tres días. O equipo directivo considera que esta medida non se aplicará con faltas leves, aínda que sexan repetitivas, en todos aqueles casos en que desen lugar ó absentismo, ó desleixamento ou que o comportamento derivado desa sanción non fose o desexado.

c).- Expediente disciplinario.

- 1) As condutas gravemente contrarias ás Normas de Convivencia do centro serán corrixidas con medidas que impoña o Consello Escolar, de entre as previstas no artigo 53 do Real Decreto 732/1995, previa apertura de expediente.
- 2) Para a designación de instrutor de expediente, o Director convocará a Comisión de Convivencia.

2.-Protocolo ante acoso escolar.

Séguese o proceso descrito no protocolo da Xunta de Galicia:

“Protocolo Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso”
de *Outubro de 2015*

- 1) Nun primeiro contacto, farase unha entrevista ao alumno ou alumna posiblemente acosado/a por parte da Dirección, Xefatura de Estudos e Orientación, co fin de acadar información.
- 2) Avisarase á familia do alumno ou alumna anterior para poñer no seu coñecemento o que está acontecendo.
- 3) Farase unha reunión co titor ou titora para acadar datos obxectivos e, de ser preciso, unha posterior coa xunta de avaliación. Tamén se poderá falar con compañeiros/as de clase para ratificar ou refutar a situación, e coñecer aos posibles acosadores/as.
- 4) Tomaran se as medidas de protección á presunta vítima e designándose unha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima
- 5) Cando se teña información concreta dos posibles acosadores ou acosadoras serán entrevistados polo Director, Xefa de Estudos e Orientadora, e tamén se informará ás familias dos mesmos.
- 6) Seguiranse os modelos de rexistro previstos do protocolo da Xunta na que se recollerán os datos relevantes de todas as reunións (Solicitud de demanda- Entrevista familia/titoría legal-Entrevista co alumno/a presuntamente acosado/a- Entrevista co alumnado presuntamente acosador-Aplicación de probas-Entrevista co profesorado do alumno/a presuntamente acosado- Entrevista cos compañeiros/as do alumno/a presuntamente acosado/a-informe final ..
- 7) O Director do centro poñerá en coñecemento da Inspección Educativa o Caso, e convocarase ao Observatorio de Convivencia do Consello Escolar para expór o acontecido.
- 8) A investigación levarase a cabo por parte da Dirección, Xefatura de Estudos e Orientación, e no caso de ter probas concretas, adoptaranse as medidas educativas previstas
- 9) Farase un seguimento e avaliación das medidas adoptadas.



3.-Protocolo de absentismo escolar.

- a) As faltas de asistencia dos alumnos consignarás todo o profesorado do centro en colaboración cos titores que serán os encargados de introducilas na aplicación de XADE.
- b) Os alumnos deberán xustificar e informar sobre o motivo das súas faltas de asistencia ó centro en nota asinada polos seus pais ou titores e entregarana ó titor do seu grupo, como moi tarde, ó día seguinte da súa reincorporación ás clases.
- c) As faltas inxustificadas serán comprobadas polos titores.

Cando un alumno/a presenta unha importante cantidade de faltas de asistencia.

1.- Convócase unha reunión entre o pai/nai /titor/a legal do alumno/a, o titor/a Xefatura de Estudos, e Orientación, onde se lle explicará a situación e a necesidade de xustificar as faltas de asistencia mediante a documentación axeitada (entidade ou organismo competente), e os risco de apertura de expediente de non facelo, en dez días.

2.- Da reunión levantarase unha acta. Nela reflexarase a asistencia da persoa convocada, situación que pode ser a causante das faltas, posibles solucións, e acordos. Tamén se deixará constancia se a nai/pai titor/a legal non acude a reunión

3.- Se as faltas son xustificadas correctamente, o proceso parálizase. No caso de non comparecencia por parte do pai/nai, titor/a legal ou non xustificación ou xustificación inadecuada, iníciase a apertura de Expediente de Absentismo.

4. O orixinal da notificación do expediente de absentismo gardarase no expediente do alumno/a, e mándase unha copia a Inspección Educativa e ao concello (Departamento de Servizos sociais).

*Para máis información consultar NOF

B.- VÍA CONCILIADORA:

-Aula de Convivencia e mediación.

1.-Convivencia: Protocolo de derivación a Aula de Convivencia.

A exclusión do alumnado das aulas constitúe un recurso excepcional, tan só xustificable en beneficio do bo clima de traballo dos compañeiros do seu grupo e despois de facerlle ver que impide o funcionamento normal da clase. Se un profesor se ve neste caso, informará de tal incidencia ó Titor ou ó Xefe de Estudos con mención expresa das circunstancias que motivaron a adopción de tal medida e a poder ser en presenza do alumno-a (deste xeito evítase a perda de tempo informando por separado). O Titor ou o Xefe de Estudos informará á súa familia e imporalle, se procede e despois de o escoitar, unha sanción acorde coa falta (pode ser simplemente unha



corrección verbal sobre a súa conduta) e esixiralle un compromiso de modificación da súa conduta.

No noso centro non tivemos ata o momento ningún alumno que tivese que utilizala. A aula de Convivencia e mediación é unha medida para intentar mellorar as condutas e actitudes daqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na convivencia e, con iso, mellorar o clima de convivencia do grupo-clase e do centro no seu conxunto, o espazo físico destinado a esta aula é unha sala contigua a sala de profesores da ESO. Esta aula será atendida por profesorado voluntario que nas súas horas de disposición o centro o nas gardas, se presta a atender ao alumnado seleccionado. En Primaria dita aula coincide coa aula do Departamento de Orientación. Nela atenderíaseó alumnado con conduta disruptiva e con déficit en habilidades sociais (ver programa de HHSS).

2-Mediación: Protocolo de derivación a mediación.

- No primeiro trimestre, elíxense os mediadores na ESO e nos cursos de 5º e 6º de Primaria, un grupo de mediadores da ESO vai a Primaria facer unha exposición sobre as funcións e estratexias da mediación.

Para máis información ver o PAT e o documento Anexo Protocolo mediación

5.AUSENCIAS

Cando se produza a ausencia dun profesor, os alumnos do grupo correspondente permanecerán na súa aula ata que chegue o profesor de garda, quen se fará cargo deles.

6.COMISIÓN DE CONVIVENCIA

a) Dependente do Consello Escolar.

A Comisión de Convivencia dependo do Consello Escolar que aprobou o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de tódolos sectores da Comunidade Educativa. Foi revisado o luns, 10 de setembro do 2018

b) Funcionamento. Composición:

A Comisión de Convivencia no Ángel de la Guarda estará constituída polo Director, o Xefe de Estudos, un pai, o Orientador, tres profesores e un alumno.

-Elección precisa das persoas:

Os designados son representativos de cada sector da Comunidade Educativa. A composición exacta das persoas que conforman a Comisión é:

-**Directora** Isabel Fernández

- **Profesores:** Pepa Camarero, Míriam López e Natalia González

-**Orientador** - Jesús Navarrete

-**Persoal non docente**



-ANPA- ArcadioRey

-Alumna - Iria Rosende

7. COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

1. Asesorar á Dirección na incoación de expedientes.
2. Estudar con urxencia os problemas que se puidesen producir, así como velar polo cumprimento deste regulamento.
3. Ser informada polo Equipo Directivo dos casos nos que se aplican medidas por faltas graves e atender as posibles reclamacións.
4. Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras, por delegación do Consello Escolar, nos supostos e termos por este establecidos.

8. INFRAESTRUTURA E RECURSOS

A Comisión de Convivencia no Ángel de la Guarda disporá dos medios necesarios para desenvolver o seu labor e resolver calquera conflito que xurda no centro.

9. PERIODICIDADE DAS XUNTANZAS

A Comisión de Convivencia reunirse, cada vez que sexa necesario, por temas disciplinarios e cando menos, unha vez ó trimestre.

Información das decisións:

As conclusións que se deriven de cada xuntanza da Comisión de Convivencia serán entregadas para a súa información á Xunta de Delegados, titores afectados e ANPA. Asímesmo, darase información pública das conclusións a través do taboleiro de anuncios xunto a Dirección.

10. COHERENCIA NA APLICACIÓN DAS NORMAS

A Comisión de Convivencia garantirá a coherencia entre a aplicación da norma ou a consecuencia ante un conflito determinado e a finalidade **eminente** educativa da mesma.

11. DIFUSIÓN

Despois da súa aprobación no Consello escolar e notificación ó claustro de profesores o plan de convivencia publicarase na páxina Web do colexio para a súa consulta por parte daquelas persoas interesadas: pais, alumnos etc., ademais darase a coñecer a tódolos alumnos, nas sesión de titorías, no primeiro trimestre do curso.

12. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

Será a coordinación da dinamización de convivencia quen en primeira instancia realizará o seguimento e a avaliación do Plan cunha



periodicidade trimestral (se fose o caso) ou anual, elaborando un informe que inclúa todo o ocorrido en cada trimestre en materia de convivencia, as actividades e actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas de mellora para o período seguinte. Segundo o protocolo a avaliación, realizarase mediante a simple observación (como no caso da sala de xogos) ou a través de enquisas ou cuestionarios de recollida de información sobre o nivel de satisfacción dos usuarios (actividades deportivas...). Esta información trasladarase aos compoñentes da Dinamización de Convivencia, ao Observatorio de convivencia, e Consello Escolar. Todos eles participarán no seguimento e avaliación do Plan, pois analizarán os informes que elabore o a Coordinación de convivencia,.

Por outro lado, analizaranse os resultados das actuacións levadas a cabo nos diferentes cursos relacionadas coa mellora da convivencia, incluídas no P.A.T e solicitadas polo profesorado. Nas xuntas de avaliación informarase sobre a situación dos grupos en materia de convivencia, se produciron efecto as tarefas realizadas, ou é preciso introducir outra serie de medidas e actuacións.